

VIA AEREA

C. 5 febrero 58.

36

Buenos Aires, 17 de xaneiro de 1958.

Señor D.  
César Alvajar Diéguez.  
Rue d'Assas, 78  
PARIS (6<sup>a</sup>).

Da nosa mais outa consideración:

Temos o agrado de informarlle que, en plea concordancia co Consello de Galiza, esta Irmandade Galega desinouno delegado en París, d'acordo ao texto da credencial correspondente que, en idiomas galego e castelán, acompañamos á presente.

Con tal motivo, agradecemoslle que nos indique se cré comenente que informemos da súa desinación aos gobernos e partidos que operan en París, e, en caso afirmativo, que nos faga chegar unha nómina coas correspondentes direccións. Así mesmo, estimarémolles que nos comuniquen calquera outra indicación que coide necesaria.

Agradecéndolle ternos informados das tratativas e resolucións que compitan a esta Irmandade, saudamos a vosté moi atte.

pola Irmandade Galega de Buenos Aires

  
C. Conles Tizado  
Segretario

  
Bieito Cupeiro  
Presidente

Post data:

Como verás, a carta foi escrita fai varios dias. a realización da Cea do Consello onde foi lido o decreto do teu nomeamento, as festas i-o feito de ser estor, e igu, a tempada de vacacións de bran, que coaseque todo o mundo para fora, impediu mandarcha antes, agardando poder kuntarhe a ela as credenciais.

Por un demoral-a mais, mándoche oxe sin mais espera. As credenciais i-a copia das comunicacións que lles enviaremos ás organizacións políticas e sindicais que ti nos indicas, mandareichas así que tenhamos resposta tua sobre o tema que che consultamos na carta.

Mandoche a parte, unha nota Personal e Confidencial referente a política chilena, en relación cos repúblicanos de ali e de Paris, por si pode serche útil proos teus arranxos políticos ali. Dende agora adviutoche que quiza des interese moito os vascos, mui vinculados en Chile o movemento Social-Cristiano.

dm Claudio Sanchez  
Albormos

Igu, o delegado do goberno republicano non lle gustaron pouco nin moito as sugerencias recibidas de Paris encol do tema. Sin a el

dimó seu Conselleiro áulico, heandio Pitor Romero, que  
despois de estar arredado de todo, empezou a atuar  
en alguns actos republicanos celebrados aquí.

Trátase, según noticias que puiden "percudarse" de  
boa tinta, de que os dous, Don Claudio e heandio  
dio, católicos ou servantes, <sup>e republicanos</sup> serían aquí, delega-  
dos ou representantes, por o menos "oficiosos", dun  
movimento Democrata Cristiano que estaría ju-  
gándose en España, con certas posibilidades  
de éxito, según esas mesmas noticias. E como  
as mentadas Guxerencias de París ós republicanos  
de aquí consisten en pedirles axuda economi-  
ca pro Ruis Bossay, radical e maçon, candida-  
to con moitas posibilidades a Presidencia da Republi-  
ca de Chile, frente a Eduardo Frei Montalva,  
Social Cristiano, tamén con grandes posibilida-  
des, a causa ten os seus benolés. En fin, a lee-  
rás a nota acuntau e farás do-elo o uso que coi-  
des convenientes

Outra vez abertas e os votos dun felis  
animoso de todos isto amigos e de min  
— R. S. P. —



# Irmandade Galega

Avda. BELGRANO 2186

Tel. 47-7064

BUENOS AIRES

Por meio do presente documento acreditamos a don César Alvajar Diéguez, natural da Coruña (Galiza) e atualmente domiciliado na rue d'Assas, 78, París (6º), para que como delegado da Irmandade Galega de Buenos Aires (grupo especificamente patriótico e político da coleitividade galega de América, que asume a conformidade e confianza das Irmandades de outras cidades arxentinas e de diversas capitais americanas, nas que participan numerosas persoas de diversas tendencias ideolóxicas, coincidentes na decisión de afirmar a persoalidade nacional da Galiza) nos represente pleamente, d'acordo con dita decisión, perto do Goberno Republicano Español no desterro e dos Gobernos Basco e Catalán, e tamén perante os partidos e organismos políticos e sindicais esilados e os delegados ou representantes do Interior, a fin de que Galiza estexa presente e aitiva nas deliberacións que se efectúen para tratar do porvir de España e teña voz e voto naqueles asuntos que particularmente atañen a súa futura orgaización e à independencia a que aspira, dentro da reconstitución democrática española que se trata de levar a cabo.-

Dado en Buenos Aires a 17 de xaneiro de 1958.-

pola Irmandade Galega de Buenos Aires

*C. Conles Tizado*  
 C. Conles Tizado  
 Segredario

*Bieito Cupeiro*  
 Bieito Cupeiro  
 Presidente



# Irmandade Galega

Avda. BELGRANO 2186

Tel. 47-7064


BUENOS AIRES

Versión en idioma castellano de la credencial otorgada a don César Alvajar Diéguez, cuyo texto original se encuentra en idioma gallego:

Por medio del presente documento acreditamos a don César Alvajar Diéguez, natural de La Coruña (Galicia) y actualmente domiciliado en la rue d'Assas, 78, París (6<sup>o</sup>), para que como delegado de la Irmandade Galega de Buenos Aires (grupo específicamente patriótico e político de la colectividad gallega de América, que asume la conformidad y confianza de las Irmandades de otras ciudades argentinas y de diversas capitales americanas, en las que participan numerosas gentes de diversas tendencias ideológicas, coincidentes en la decisión de afirmar la personalidad nacional de Galicia) nos represente plenamente, de acuerdo con dicha decisión, cerca del Gobierno Republicano Español en el destierro y de los Gobiernos Vasco y Catalán, y también ante los partidos y organismos políticos y sindicales exilados y los delegados o representantes del Interior, a fin de que Galicia esté presente y activa en las deliberaciones que se efectúen para tratar del porvenir de España y tenga voz y voto en aquellos asuntos que particularmente atañen a su futura organización y a la independencia a que aspira, dentro de la reconstitución democrática española que se trata de llevar a cabo.-

Dado en Buenos Aires a 17 de enero de 1958.

por la Irmandade Galega de Buenos Aires

  
C. Conles Tizado  
Secretario

  
Benito Cupéiro  
Presidente